

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

ANUNCIO do 12 de maio de 2022, da Xefatura Territorial de Vigo, polo que se notifica a proposta de resolución do expediente sancionador PS-DXIS-1-2022.

De conformidade co disposto nos artigos 44 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de intentada a notificación de acordo co previsto no artigo 42 da propia Lei 39/2015, do 1 de outubro, sen que se puidese efectuar, por medio deste anuncio publicado no *Boletín Oficial del Estado* (BOE), emprazase a persoa interesada para proceder á notificación da proposta de resolución que se cita no anexo.

Así, para coñecer o contido íntegro do acto que se notifica, conforme o disposto no artigo 46 da dita Lei 39/2015, do 1 de outubro, a persoa interesada emprazada, por si mesma ou a través de persoa que legalmente a represente, poderá comparecer no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOE, nas dependencias da Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Política Social, Servizo de Coordinación Administrativa, situada na rúa Concepción Arenal, nº 8, 1º andar, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres. Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida ao vencemento do prazo indicado para comparecer.

Así mesmo, este anuncio publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, aínda que a eficacia do acto notificado quedará supeditada á súa publicación no BOE.

Advírtese que, de conformidade co sinalado na referida proposta de resolución, a persoa interesada dispón dun prazo de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa notificación por comparecencia, para achegar cantas alegacións e presentar os documentos e a información que xulgue pertinentes.

Vigo, 12 de maio de 2022

María José Pérez-Izaguirre López
Xefa territorial de Vigo



ANEXO

Expediente: PS-DXIS-1-2022.

Persoa interesada: NIE Y5372621L.

Acto de notificación: proposta de resolución de expediente sancionador do 27.4.2022.

Órgano competente: órgano instrutor na Xefatura Territorial de Vigo.

Preceptos presuntamente infrinxidos: artigo 93 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Sanción proposta: artigo 96 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.

